



## CONSELLOS PARA PAIS E NAIS

Empezamos o novo curso, despois dunhas merecidas vacacións e todos temos as mellores intencións do mundo. Pero moitas veces quedamos niso, en boas intencións. E hai que dicir que non vale solo coa vontade. Empeñámonos a facer todo o que nos propoñemos, pero despois chega o difícil, manter o horario, atopar tempo, etc., e ao mes abandonamos.

E non é que non vallamos, é que non sabemos como hai que prepararse ben dende un principio.

Nos estudos pasa igual.

Podemos escoitar moitas veces os adolescentes. ¡Eu é que non vallo para estudar! ¡ Non me dá tempo! ¡ A min nunca me gustaron as matemáticas!... Pero eles decátanse ao facerlles reflexionar que hai cousas que non van ben.

- Hai nenos que se poñen con toda a súa vontade ás seis da tarde e cando se dan contan só fixeron unha cousa e ás nove da noite a súa nai chámalles para cear (pasouse toda a tarde sen decatarse e todos os deberes por facer).

- ¡ Quede en branco no exame! Cando levo dous días intensivos de estudos e agora non me acordo de nada.

- ¡ É que ao meu fillo non lle gusta estudar, non é capaz nin de sentar a traballar. Pásase a tarde no televisor ou no ordenador. ¡ Non hai que facer con el!

Todos coñecemos ou polo menos sóannos as técnicas de estudio: como debo sentar ante unha mesa para estudar (rectos, cómodos), coa hixiene ambiental axeitada (luz, calor e ruído axeitado), controlar os tempos, saber facer resumos, esquemas, etc. **Pero logo non se pon en práctica.**

Dende moi pequenos debemos educalos nesta disciplina e no estudio. En primaria, poden ir máis ou menos ben. Pero logo en Secundaria, pican todos. E non me refiro a que suspendan, senón que empezan a sufrir e loitar por intentar sacar os estudos de calquera forma cando isto se debe aprender e educar dende o principio, e ademais dende **CASA**. E digo dende casa, porque isto non é responsabilidade do colexio. O profesorado xa sabe de memoria como hai que estudar, e o explican nas clases todos os anos, pero logo hai que poñelo en práctica co apoio e a guía da familia.



**\*Cando se chega á casa polas tardes, hai tempo para merendar, para falar de como foi o colexio, cos amigos, cos profesores, anécdotas novas... etc.**

E ás seis da tarde poñémonos a traballar. Para isto non hai discusión. Todos temos responsabilidades e debemos cumprir con elas (se ao principio costa, se pode poñer un sistema de premios por acordos conseguidos). Débese empezar xa cos nenos pequenos (dedicámoslles unha hora todos os días: lemos un conto, facemos un debuxo, aprendemos a facer crebacabezas, a recortar, a facer os nós dos zapatos....).

Ao principio significará ter que poñernos todos os días sen excepción. Co tempo, veremos como os podemos ir deixando a eles sós e que adoptaron ese costume de poñer todos os días a traballar. Se nos sobrou tempo, poderemos xogar, ver un pouco de televisión ou xogar co ordenador (sempre controlando o tempo) e nesta orde: primeiro traballo e logo distracción.

Hai pais que se queixan porque para merendar se poñen a tele e logo non hai forma de que a apaguen e se poñan a estudar. Neste adestramento, para conseguir o hábito de estudio, hai que poñerse serios dende o principio e facelo ben (para comer non necesitamos a tele).

**\*Xa con 7-8 anos podémolos introducir no concepto do tempo de estudio.**

Para evitar o exemplo anterior de que se pasa a tarde e sen rematar os deberes, hai que practicar co reloxo e os horarios. Por exemplo, empezamos cun encrucillado ao día. Controlamos o primeiro día o que tarda (poñamos dez minutos) e a partir dese día lle propoñemos intentar gañarse a si mesmo e superar o seu propio récord (9-8-7 minutos). Isto non é para sufocarlles co tempo, senón para que comprendan como cando poñemos un tempo, as cousas fonden dun xeito e cando non é así, poden pasar horas para realizar o mesmo traballo. Cando antes rematen, máis tempo terán para xogar despois.

Isto sérvelles de quentamento, para logo pasar a outra actividade. Ler todos os días polo menos quince minutos e tamén con bo ritmo.

Cando xa van sendo maiores, o encrucillado podémolo substituír por algún exercicio sinxelo ou algunha materia doada e breve, para logo pasar á materia que máis nos custe ou que teña máis traballo do día seguinte. Non podemos deixalo para o final xa que sempre haberá algunha escusa para non o facer (xa estou canso, non me petece, mellor que mo expliquen mañá....).

**\*Los nenos áfanse facer deberes (só os exercicios que lles poñen en clase) todos os días e con iso xa cumpriron. Isto non vale. Primeiro estúdase a pregunta e logo fanse os exercicios.**

Se un neno está atento en clase á explicación (1º), estúdao na casa (2º), apréndeo (3º), fai exercicios (4º), corríxeos en clase (5º), fai resumo ou esquema (6º) e repasa as preguntas cada certo tempo (7º) ata o día do control. ¿Como non se vai saber a lección para o día do exame despois de polo menos repasar 7 veces a mesma pregunta?



Claro que se non está atento en clase, non fai os deberes e estuda o día antes do exame, xa sabemos o que sairá.

**\*Cando empezamos a educar os fillos debemos ter claro que buscamos o mellor para eles e nesta vida as cousas se conseguen con esforzo.**

Nesa disciplina que os queremos ensinar por o seu ben imos poder razoar que todos estamos cansos, pero que eles teñen o seu traballo pola tarde, igual que nós con ceas, prancha, axudar aos fillos nas súas tarefas... e facémolo con gusto. Ao final do día, unha vez realizadas as nosas tarefas, poderemos descansar, ler, etc. E deitarémonos coa satisfacción do deber cumprido.